

### Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero

Presidenta do Consello Galego de  
Relacións Laborais

Mercedes Montes Rodríguez

Directora da E.U. de Relacións Laborais  
de Lugo

### Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo

### Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais
- Alumnas e alumnos da Escola Universitaria de Relacións Laborais e, en xeral, do campus universitario de Lugo
- Avogados/as
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta
- Inspectores/as de Traballo

### Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 14 de marzo ao 2 de abril de 2018, nos seguintes lugares:

Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo

Consello Galego de Relacións Laborais

Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

### Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada

## XORNADAS DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL



### Información e inscricións:

#### Consello Galego de Relacións Laborais

Tfno.- 981 957 489

Fax.- 981 54 16 10

e-mail:

[maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal](mailto:maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal)

#### E.U. de Relacións Laborais

Tfno.- 982 824 800

Fax.- 982 285 860

e-mail: [mercedes.montes@usc.es](mailto:mercedes.montes@usc.es)

#### Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

Tfno.- 982 211 503

Fax.- 982 812 502

e-mail: [graduadoslugo@yahoo.es](mailto:graduadoslugo@yahoo.es)



# XORNADAS 2018



## DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL

**LUGO, 4 de abril**

Salón de actos da Escola Universitaria  
de Relacións Laborais de Lugo



# DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL

## Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais

E.U. Relacións Laborais de Lugo

Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

**Data:** 4 de abril de 2018

## Lugar:

Salón de actos da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo  
(Complexo docente do campus de Lugo.  
Avda. Filarmónica Lucense - 27002 Lugo)

**Mércores 4 de abril de 2018**

**9.15** Entrega da documentación

**9.30** Inauguración

**9.45 Mesa redonda: “O ámbito da intimidade na prestación laboral: límites, condicións e casos prácticos”**

*Dalila Dopazo Blanco*

Maxistrada do Xulgado do Social nº 3 de Lugo

*Emilio Agulla Lemos*

Inspector de Traballo e Seguridade Social de Lugo

**10.30** Coloquio

**10.45 Mesa redonda: “A privacidade e o dereito de información no ámbito laboral”**

Representantes do SN de CCOO de Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

**11.45** Coloquio

**12.00** Pausa

**12.30 Conferencia: “A protección de datos no ámbito laboral: especial referencia as novidades introducidas polo Regulamento Europeo 2016/679”**

*Asunción López Arranz*

Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade da Coruña

**13.15** Coloquio

**13.30** Clausura

## RESUMO DA XORNADA

O artigo 4.2.e) do Estatuto dos Traballadores e Traballadoras dispón que na relación de traballo, os traballadores teñen dereito ao respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade [...]. Pola súa banda, o artigo 20.3 desta norma establece que o empresario poderá adoptar as medidas que estime máis oportunas de vixilancia e control para verificar o cumprimento polo traballador das súas obrigacións e deberes laborais, gardando na súa adopción e aplicación a consideración debida á súa dignidade [...]. A cuestión do tratamento, límites e ámbito da intimidade na relación laboral recobrou actualidade nos últimos anos, pola xeneralización dos medios dixitais. Basta referir o uso nos postos de traballo dos medios informáticos para o exercicio cotián da actividade laboral, os sistemas de control de acceso dactilar ou biométrico, o cada vez máis habitual uso de cámaras de seguridade e vixilancia, ou o uso dos novos medios para o tratamento dos datos derivados da vixilancia da saúde. Os tribunais de todos os ámbitos, galegos, estatais e, cunha importancia crecente dos seus pronunciamentos, o TXUE e o Tribunal de Estrasburgo, están a ditar resolucións moitas veces encontradas e, as máis, controvertidas, sobre unha cuestión que amosa unha enorme complexidade, xa que están en xogo algúns dos dereitos fundamentais contidos na Constitución, como o dereito á privacidade (art. 18.1 CE), ou o dereito ao segredo das comunicacións (art. 18.3 CE)

O Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos) entra en vigor o 25 de maio de 2018 e vai cambiar o panorama da protección de datos para as empresas. Estas deberán ser máis dilixentes no adecuado tratamento de datos persoais. No ámbito da relación laboral vai desenvolver efectos importantes, posto que introduce novidades en relación co reforzo do consentimento, un máis esixente deber de información, a obriga de notificar os fallos de seguridade, ou un encarecemento das sancións polo incumprimento, que van depender do volume de facturación da empresa.

Estas cuestións abordaranse nesta xornada, dun xeito riguroso e profundo, da man de profesionais do mundo da Xudicatura, a Universidade e a Inspección de Traballo galegas, e de representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas en Galicia.

Esta xornada, que xorde cunha vocación de utilidade pública, de formación, difusión e diálogo, ven a responder a unha das máis importantes funcións do Consello Galego de Relacións Laborais: a promoción e o fomento do debate social en cuestións de actualidade.